



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 11 DE ABRIL DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de abril de dous mil dezaseis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catro de abril de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Antonio Freijido Pérez**, con domicilio na estrada de Francelos nº 4, Entresuelo J, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 01-04-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Hiperxel S.L.**, con domicilio no Muelle de Bouzas s/n, Vigo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Progreso nº 24, baixo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus



asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial (local comercial), que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 31-03-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ribadavia para a copromoción, coorganización e cofinanciamento do "Encontro infantil-certame celtibérico de bandas de gaitas" no marco da LIII Feira do Viño do Ribeiro.

- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense, notificando a interposición de recurso contencioso-administrativo por Don David Vales González, contra Resolución da Alcaldía de data 17.12.2015, relativo a arquivo de expediente e solicitando a remisión do expediente administrativo no prazo improrrogable de vinte días. A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento do referido escrito e acorda a remisión do referido expediente debidamente foliado e autenticado o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense.

- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 17.03.2016, sobre Resolución do contrato entre a Deputación Provincial de Ourense e Diagrama Ingeniería Galicia S.L..

- Da Consellería de Medio Rural, escrito relativo a labores de prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2016. Así mesmo este Concello, acorda acollerse a seguinte modalidade de actuación:

Modalidade 3. Participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

a) Labores preventivas.

b) Actuación de defensa contra incendios forestais. Solicitamos Brigada de 5 compoñentes: 15.934,62 euros/ano.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:



1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de febreiro 2016, por importe de 649,60 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

2.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de marzo 2016, por importe de 1.218,30 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

DAR CONTA DE RECLAMACION DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.-

De seguido o Sr. Alcalde da conta da Resolución da Alcaldía de data 08.04.2016, relativa a reclamación de responsabilidade patrimonial a CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL e a DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, derivada dos danos e perxuizos causados o Concello motivados pola suspensión definitiva do uso do campo de fútbol de herba artificial na zona "O Xestal" nunha franxa de 25 metros medidos dende a arista exterior da explanación da autovía A-52.

Os integrantes da Xunta de Goberno Local, fican enterados do referido acordo.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia